

INVESTIGACIÓN DE CONDUCTAS

Con esta actividade traballamos

Reflexionar sobre os nosos hábitos de consumo e conduta.

Propoñer accións concretas para actuar de maneira máis responsable e solidaria.

Identificar de que xeito podemos variar o noso modo de actuar en temas ambientais e de consumo.

Os ODS 2, 6, 7, 11, 12 y 13.

Durará

A reflexión do cuestionario pode facerse individualmente ao longo dunha semana. A actividade de grupos está pensada para realizarse nunha sesión.

Necesitaremos

Ficha do anexo (unha por persoa).

Desenvolvemento

Repartir unha fotocopia do cuestionario por persoa, de xeito que cada unha deberá realizalo individualmente, anotando as súas respostas, e prestando especial atención á parte na que deben anotar os seus puntos fortes e débiles.

Cando toda a clase teña completado o cuestionario, dividir o alumnado en grupos de catro ou cinco persoas. Dentro dos grupos, deben reflexionar sobre o que contestaron nos tres apartados de preguntas:

- Consumo de enerxía.
- Redución de lixos e desperdicios.
- Os nosos hábitos de consumo.

Poñer en común os puntos fortes de cada persoa e ver cales repítense máis dentro do grupo. É importante recoñecerlos e reforzalos.

Igualmente, reflexionar sobre os puntos débiles e as áreas para mellorar e tomar nota, de novo, das que se repiten máis dentro do grupo.

Cando todos os grupos rematen o seu traballo, poñeranse en común os puntos fortes e comentaranse os débiles e áreas a mellorar.

Hai que reflexionar

- Serviunos esta actividade para detectar realmente os nosos puntos débiles?
- Eramos conscientes de todos os puntos débiles que temos?
- As debilidades detectadas, son difíciles de cambiar ou está ao noso alcance facelo?

Esta actividade complementase coa seguinte: Creación dunha campaña."

Ficha de control, O NOSO MODELO DE CONSUMO

Aviso importante:

Algunhas destas preguntas, non se refiren tanto o teu comportamento persoal, como os hábitos que poidades ter na túa casa, e que non dependen totalmente de ti. Aínda así, convén reflexionalos igualmente.

Poñemos unhas respostas tipo como guía. Sinala, de entre as tres, a que máis se pareza á túa situación.

APARTADO A: CONSUMO DE ENERXÍA (CONTAMINACIÓN)

1. Apagas a luz cando non a utilizas?

Sempre o teño en conta.	F
Adoito deixalas acesas; non me gusta que a casa estea ás escuras.	D
Pásame ás veces; non me dou conta ao saír dun cuarto.	M

2. Acendes máis luces das realmente necesarias?

Non, sempre teño só a luz que necesito.	F
Si, gústame que o ambiente estea iluminado.	D
Non adoito facelo, pero ás veces teño un par delas acesas.	M

3. Canto utilizas no teu lecer ou tempo libre os aparellos que necesitan electricidade? (móbil, tableta, computador, consolas etc.)/ etc.)

Un pouco do meu tempo de lecer.	F
Case todo o meu tempo de lecer.	D
Máis ou menos a metade do meu tempo de lecer.	M

4. En casa, tedes a calefacción acesa a maior temperatura da necesaria no tempo frío?

Non, témola baixa e se fai frío abrigámonos.	F
Si, gústanos estar en manga curta dentro de casa aínda que sexa inverno.	D
	M

5. Utilízase o voso coche para ir a lugares onde podedes acceder no transporte público?

Non, o coche só o usamos o imprescindible.	F
Si, para ir a todos os sitios, aínda que haxa transporte público.	D
Hai veces que non nos organizamos e debemos ir en coche podendo facelo en transporte público	M

APARTADO B: REDUCCIÓN DE LIXOS E DESPERDICIOS (CONTAMINACIÓN).

6. En casa separades o lixo segundo a clase de residuos que sexan: plástico, papel, cartón e outros residuos orgánicos?

Si, claro, non custa nada e é bo facelo.	F
Non, é un rolo, todo á mesma bolsa.	D
Ás veces non separamos adecuadamente.	M

7. Sobre todo, na alimentación, comprades moitos produtos empaquetados?

Non, compramos as cousas a granel ou ao peso	F
Compramos gran cantidade de alimentos empaquetados, é cómodo	D
Ás veces.	M

8. En excursións á natureza, afacedes recoller todos os residuos que xerades?

Se, recollo todo o meu lixo en bolsas para tirala en casa.	F
Non o fago, é un rolo cargar con tanto lixo.	D
Ás veces non o facemos ben e somos descoidados.	M

APARTADO C: OS NOSOS HÁBITOS DE CONSUMO.

9. Desperdicianse alimentos na casa? (Se fose necesario para reflexionalo ou obter os datos, remitimos á actividade “Malgasto caseiro” do bloque “ODS Alimentos e auga”).

Non, en casa non se tira nada, todo se aproveita.	F
Si, compramos e consumimos moita comida, e temos que tirar algunha.	D
Ás veces non temos coidado ou compramos de máis e temos que tirar algo.	M

10. Desperdicias a auga? Por exemplo, deixas billas abertas ao lavarte ou estás máis do realmente necesario na ducha?

Non, teño moito coidado con iso.	F
Si, fíxome pouco nese detalle.	D
Ás veces non me dou conta, pero aínda que o penso, non o fago.	M

11. Compras sen necesidade cosas das que poderías prescindir?

Non, sempre compramos o que realmente necesitamos.	F
Si, gústanos pasar o tempo comprando nos centros comerciais.	D
Ás veces deixámonos levar polo frenesí comprador.	M

12. Na limpeza da casa, Utilizades produtos que danan o medio ambiente?

Non, utilizamos produtos biodegradables.	F
Se, non nos fixamos niso.	D
Ás veces, non sempre nos fixamos niso.	M

13. Compras produtos con pequenas garantías laborais na súa elaboración?

Si, é algo que controlamos e entendemos.	F
Non, compramos cousas sen preguntarnos por quen e como están feitas.	D
Ás veces, non sempre podemos estar pendentes.	M

14. 14. Compras produtos con pequenas garantías ambientais na súa elaboración?

Si, é algo que controlamos e entendemos.	F
Non, porque é un tema que non coñecemos e non nos importa.	D
Non sempre nos preguntamos polas garantías ambientais do que compramos.	M

As preguntas respondidas con F, son un punto forte

As preguntas respondidas con D, son un punto débil

As preguntas respondidas con M, son unha área para mellorar

CREACIÓN DUNHA CAMPAÑA

Con esta actividade traballamos

Concienciar sobre a necesidade de ter hábitos de vida máis sostibiles.

Crear unha serie de accións concretas que nos permitan conseguir eses hábitos de vida.

Deseñar e realizar unha campaña para a difusión desas accións nas redes sociais.

Están incluídos todos os ODS salvo o 16.

Durará

A actividade desenvólvese ao longo de varias sesións, dependendo do grupo. Unha vez terminada, sería interesante, cada certo tempo, revisar se se van cumprindo os compromisos que se adquiren nela.

Consideracións previas

Durante a primeira fase de desenvolvemento da campaña, o traballo pode facerse, fundamentalmente, con computadores ou tabletas. Ao final, para a súa difusión a través das redes sociais, especialmente o WhatsApp, poden necesitar ter os móbiles na clase.

Desenvolvemento

1ª Fase

Dividir a clase nos mesmos grupos que na actividade “Investigación de condutas”, e explicar:

“Vimos na anterior actividade “Investigación de condutas”, os puntos fortes, débiles e a mellorar, que temos no noso modo de vida e consumo, en relación coa sustentabilidade ambiental. Aínda que moitos dos aspectos están fóra do noso alcance, outros, en cambio, son máis próximos ao noso día a día como consumidores e consumidoras. Ante isto, é importante que reaccionemos dalgún xeito, para cambiar aquilo que estea nas nosas mans nos tres conxuntos de preguntas analizados no cuestionario: consumo de enerxía, hábitos de consumo e redución de lixos e desperdicios.

Dentro de cada un dos grupos, debedes buscar accións concretas neses tres aspectos, que nos permitan cambios na nosa maneira de actuar persoal e, ademais, difundilos a outras persoas”.

Repartir as follas de traballo e deixar que os grupos elaboren a súa proposta.

2ª Fase

Cando os grupos teñan rematado, unha persoa de cada grupo levantarase para poñer en común una das accións que expuxeron. Vanse apuntando no encerado, clasificadas segundo o seu apartado (consumo de enerxía, hábitos de consumo e redución de lixos e desperdicios) e identificando aquelas que sexan similares para apuntar só os matices diferenciadores. Para evitar que os últimos grupos non poidan anotar a súa proposta enteira, cada grupo achega só unha cada vez.

Unha vez que todas están apuntadas, traballar en gran grupo as propostas e puílas ata sacar un decálogo único para a clase.

Na clase, este decálogo debe ser a base dun compromiso de todo o mundo para cumprir o exposto.

Para chegar a outras clases do centro e outras contornas do alumnado, pasaríase á seguinte fase de desenvolvemento e difusión da campaña.

3ª Fase

De volta ao traballo en grupos, a partir do decálogo redactado na anterior fase, repártense os seus puntos entre os grupos. Deben desenvolver un slogan rechamante e pegadizo cunha imaxe atractiva, de cada un deles.

Unha vez que todos os grupos teñen o seu traballo, difundilo a través das redes sociais.

Hai que reflexionar

Despois de transcorrido un tempo de finalizar todo o proceso, é importante que fagan unha avaliación da campaña e valoren o seu impacto: nivel de resposta, seguidores, comentarios, cantas persoas compartiron as publicacións, interaccións.

Folla de traballo (unha para cada grupo)

Obxectivo

Debedes crear no voso grupo accións concretas, polo menos unha por cada tema, e enuncialas de forma clara e sinxela, de maneira que se facilite que todo o mundo poida entendelas e levalas a cabo. Pensade en vós e vós mesmas e na vosa contorna; deben ser accións facilmente aplicables e que signifiquen un cambio real no comportamento das persoas.

Partindo das preguntas do cuestionario, pódense analizar os puntos débiles e a mellorar e expor maneiras de actuar que axuden a que se convertan en puntos fortes.

Os tres temas

Consumo de enerxía:

Redución de lixos e desperdicios:

Hábitos de consumo:

O PODER DO CONSUMO

Con esta actividade traballamos

O noso papel como consumidores e consumidoras.

A relación entre accións concretas nosas e os ODS.

Reflexión lóxica e traballo en equipo.

Entender os ODS como unha realidade complexa e interconectada.

Todos os ODS salvo o 16.

Durará

Unha sesión

Necesitaremos

Infografía Como inflúen os nosos hábitos de consumo cotiáns nos ODS?

[Enlace](#)

Desenvolvemento

Dividir a clase en grupos tentando que sexan nove, un por icona. Presentar a infografía coa imaxe na que aparecen todas as iconas dos ODS. Explicalas, de xeito que todas as persoas teñan un mínimo coñecemento sobre cada unha delas.

Ir sinalando co rato cada unha das iconas dos comportamentos, de maneira que apareza o texto, pero sen picar.

En cada grupo, deben sacar relacións entre cada un dos comportamentos e os ODS, é dicir, cales ven influídos directamente polos nosos hábitos de consumo,

Poden sacar os que queiran, pero sempre teñen que ser capaces de explicar o que poñan.

Hai que reflexionar

Cando rematen, cada grupo debe explicar ao resto as relacións que atopou e apúntanse na lousa as achegas de todos eles.

Despois de cada grupo, pícase a icona correspondente na infografía, e coméntanse as similitudes e diferenzas.

Orientar as reflexións a través de preguntas como:

- Que vos pareceron as interaccións que atopastes? Tiñades idea de que isto fose así?
- Se miramos a infografía no seu conxunto, Eramos conscientes da relación que ten os nosos comportamentos coa consecución dos ODS?
- A non consecución dos ODS afecta en maior medida ás persoas máis pobres Por que? Isto demostranos que as nosas accións teñen relación cos ODS e teñen consecuencias para outras persoas no mundo?

Reflexionar agora sobre a pregunta que aparece abaixo na infografía: Que teñen en común todos estes hábitos de consumo e os ODS aos que se vinculan?

Deixar que comenten, para despois, picar no texto e ver a resposta.

- Somos conscientes do noso papel como consumidores e consumidoras?